

#### O Barco de Valdeorras

Bases polas que se regula o réxime de concesión de axudas aos clubs e asociacións deportivas do Concello do Barco de Valdeorras 2016

Co obxectivo de colaborar no importante labor de fomento do deporte realizada polos clubs e asociacións deportivas radicadas no municipio, e para potenciar o seu papel neste ámbito, o Concello do Barco de Valdeorras procede á convocatoria para a concesión das axudas reguladas polas presentes bases.

Primeira: obxecto da subvención

O obxecto da presente convocatoria é regular a concesión de subvencións a clubs e asociacións deportivas que teñan a súa sede no termo municipal do Barco de Valdeorras e estean legalmente constituídos/as para o desenvolvemento da súa actividade deportiva, axudando así a sufragar os gastos que esta lles xera durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de novembro de 2016 no programa denominado: competición e xestión deportiva.

Esta subvención financiarase con cargo ao orzamento 2016 á partida orzamentaria 340/4 8900 co límite de 10.000.

Segunda: beneficiarios: requisitos e exclusións

Poderán ser beneficiarios desta subvención, os clubs deportivos e asociacións deportivas que reúnan os requisitos establecidos a continuación:

Requisitos xerais:

- a) Estar legalmente constituído e adaptado como club/asociación deportiva segundo o establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- a) Ter o seu domicilio social no termo municipal do Barco de Valdeorras, do mesmo xeito que as instalacións onde realicen habitualmente a súa práctica deportiva (sexan ou non da súa propiedade).
- b) Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda Autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello do Barco, respectivamente.
- c) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- d) Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello do Barco de Valdeorras.
- e) Participar, na tempada 2016, en competicións oficiais convocadas polas súas respectivas federacións, calquera que sexa o seu ámbito.

Criterios de exclusión: non poderán ser beneficiarios os clubs deportivos e asociacións deportivas que:

- a) Só participen en ligas ou competicións locais, comarcais, probas non federadas, probas populares, exclusivamente no deporte escolar- competición deportiva escolar, ligas de empresas.
- b) Aqueles/as constituídos/as como persoa xurídica, tales como sociedades anónimas deportivas e entidades con ánimo de lucro, e restantes entidades que perciban axudas deste concello a través de subvencións nominativas por convenio.
- c) Federacións Deportivas e/ou Delegacións das mesmas aínda que a súa sede sexa no municipio.

Terceira: dotación económica

A dotación económica desta axuda queda establecida para o exercicio 2016 na cantidade de 10.000€.

En ningún caso o Concello do Barco de Valdeorras terá relación coas actividades que se fagan polos clubs e asociacións deportivas, que serán de exclusiva conta súa.

Cuarta: réxime xurídico

Esta convocatoria rexerase, ademais de polo previsto nas presentes Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante), polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (RXS en diante), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG en diante), polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (RSG en diante), e polo disposto nas Bases de execución do orzamento desta Corporación (BEO en diante), en especial pola Base 35.

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (en aplicación do artigo 9.3. CE, 9.3. LGS, 6.3. e 14.1. LSG).

Do mesmo xeito, as subvencións concedidas serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal segundo o indicado na cláusula sexta destas bases.

Quinta: solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

- 1. Prazo improrrogable de presentación de solicitudes será de dez días naturais desde a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Para os efectos dunha maior difusión da presente convocatoria, publicarase tamén nas páxinas locais do diario "La Voz de Galicia" e no taboleiro de anuncios do Concello, non en tanto, o prazo de presentación de solicitudes computarase desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, con independencia de cal sexa a data de publicación nos restantes medios de difusión.
- 2. As solicitudes, subscritas polo/a representante legal da entidade interesada, irán dirixidas ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura no Anexo 1 (Solicitude de subvencións a clubs/asociacións deportivas 2016 polo Concello do Barco) das presentes bases, mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello, situado na Casa do Concello- Edificio Multiusos, Praza do Concello, 2, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16, apartado 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 3. As solicitudes deberán formularse presentando a seguinte documentación, e só se admitirá unha solicitude por entidade/club:
- a) Documentación administrativa:
- 1. Solicitude dirixida ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura no Anexo 1 das presentes bases. (Anexo 1: Solicitude de subvencións a clubs/asociacións deportivas 2016 polo Concello do Barco de Valdeorras).
  - 2. Copia compulsada do CIF do club deportivo ou asociación.
- 3. Copia compulsada do DNI do/a representante do club deportivo ou asociación.
- 4. Copia compulsada dos estatutos de dito club/asociación deportiva onde se reflicta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro, e se manifeste o seu obxecto e finalidade.
- 5. Certificado da entidade bancaria na que se faga constar o número de conta e o/a titular da mesma.
- 6. Certificado de inscrición no correspondente Rexistro Oficial de Clubs Deportivos da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, no que se demostre unha antigüidade de polo menos un ano anterior á data da solicitude da presente convocatoria de subvencións.



- 7. Certificación de delitos sexuais de todos/as os/as responsables a cargo dos/as menores de idade (na memoria de actividades indicarase o nome e apelidos dos/as responsables a cargo dos/as menores).
- 8. Declaración responsable dos seguintes aspectos: (Anexo 2: Declaracións Responsables: Apartado 1 e 2)
- Non atoparse incurso o/a solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da LXS que supoñan incapacidade ou incompatibilidade para percepción de subvencións e axudas públicas.
- Non solicitou, nin obtivo ningunha outra subvención nin da Administración Local, nin doutras Administracións ou entidades para a actividade ou proxecto presentado para esta convocatoria de subvencións.
- Nos casos que proceda, declaración aceptando o compromiso de compensar coa subvención outorgada, as débedas contraídas con este Concello.
- 9. No caso no que proceda, declaración do/a responsable do club deportivo ou asociación no que se reflicten as subvencións solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida (anexo 2: Declaracións Responsables: Apartado 2)
- 10. Certificacións orixinais dos seguintes aspectos:
- Atoparse ao corrente coa Facenda estatal e Autonómica.
- Atoparse ao corrente do pago da Seguridade Social.
- Non ter débedas coa Facenda Municipal (certificación que será realizada de oficio polo propio Concello)
- 11. Fotocopia compulsada da acta da asemblea celebrada no ano en curso, ordinaria ou extraordinaria, reflectida no correspondente libro de actas, na que conste a aprobación do orzamento e actividades.
- \* Os/as solicitantes estarán eximidos/as de presentar os documentos sinalados nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 cando estes documentos xa obren en poder deste concello, menos no caso en que se producisen modificacións no contido dos devanditos documentos ou nas circunstancias do feito ou do dereito que se reflictan neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substituirá ao anterior. Para estes efectos, os/as solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no Anexo 1: Solicitude de subvencións a clubs/asociacións deportivas 2016 polo Concello do Barco de Valdeorras. Este modelo deberá estar cuberto correctamente para producir efectos. En caso de presentarse incompleto non se terá en conta. Con todo, no suposto de imposibilidade material para a obtención do documento por parte desta administración, poderá requirirse ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a certificación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.
- b) Documentación para a valoración da solicitude do programa "competición e xestión deportiva":
- 1. Certificación orixinal expedida pola federación ou federacións correspondentes que regulen as modalidades deportivas realizadas no dito club/entidade, dos seguintes datos:
- Número de licenzas deportivas ou fichas emitidas ao devandito club
- Prezo da licenza (se houbese variacións de prezos por categorías, especificar prezo/categoría)
- Relación de competicións nas que participou o club (indicando rango das mesmas: internacional, nacional, autonómico, provincial) e resultados obtidos
- Deportistas seleccionados (coa selección galega do devandito deporte) para participar nalgunha proba a nivel autonómico

- Deportistas seleccionados (coa selección española do devandito deporte) para participar nalgunha proba a nivel nacional
- Probas federadas organizadas polo club e rango das mesmas (internacional, nacional, autonómico, provincial, local)
- Deportistas concentrados en centro de alto rendemento durante todo o curso a nivel autonómico (selección galega)
- Deportistas concentrados en centro de alto rendemento durante todo o curso a nivel nacional (selección española)
- 2. 2. Memoria de actividade: enchendo o modelo do Anexo IV, utilizando os apartados seguintes que se consideren necesarios por parte do club/asociación deportiva diferenciados en función da actividade que desenvolva, e que conteñen os seguintes aspectos:
- Apartado 1: funcionamento ordinario do club/asociación deportiva

Onde se expliquen os gastos de funcionamento e que conteña unha desagregación de ingresos e gastos (licencias/cotas/taxas pagadas por cada socio, outras axudas recibidas), orzamento e actividades programadas para 2016 por parte da entidade.

- Apartado 2: competición

Onde se indicarán datos como deportistas seleccionados a nivel autonómico e/ou nacional, deportistas en centros de alto rendemento, competicións nas que participou o club/asociación deportiva en 2016 e os gastos que supuxo dita participación, rango das devanditas probas, datas.

- Apartado 3: actividades e eventos organizados

Onde se recollerán as actividades organizadas por parte do club/asociación deportiva no ano 2016 indicando nome da actividade, data de realización, cartel anunciador, desagregación de ingresos (incluídas cotas de inscrición pagas polos/as participantes) e gastos (material, taxas a federacións, arbitraxes ...)

c) Outros aspectos:

Cando a solicitude non reúna os requisitos necesarios ou se observe a omisión dalgún documento complementario dos que se esixan, requirirase ao interesado/a para que se emende nun prazo máximo de 10 días. Se transcorrido o devandito prazo sen proceder á corrección dos defectos observados na solicitude, entenderase desistido da mesma e procederase ao arquivo deste.

Todo o persoal que empreguen os clubs/asociacións deportivas para a realización das súas actividades, non terá vinculación laboral nin contractual co Concello do Barco de Valdeorras.

O Concello do Barco de Valdeorras non será responsable da organización das actividades realizadas polos clubs e asociacións deportivas.

Sexta: consentimentos e autorizacións

De conformidade co artigo 13.4° da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública Galega, en relación co artigo 3.1.c. da mesma norma, o concello publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Sétima: gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables exclusivamente os seguintes, que deberán producirse e realizarse dentro do prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de novembro de 2016, ambos incluídos, sempre que sexan derivados das categorías desde xuvenil en diante ou tamén resultados deportivos e número de licenzas do resto de categorías.



Listaxe de gastos subvencionables:

- Arbitraxes, xuíces, cronometradores e secretarías técnicas para actividades organizadas.
- Persoal técnico deportivo (adestradores, delegados, fisioterapeutas, médicos).
- Taxas/altas/cotas de tramitación de licenzas deportivas do club e dos deportistas.
  - Dereitos de participación en competicións e inscricións.
  - Dereitos de organización de campionatos/competicións.
  - Cotas de mutualidades deportivas.
  - Cotas de afiliación a seguros deportivos.
  - Desprazamentos.
- Aluguer de instalacións deportivas.
- Gastos médicos/caixas de emerxencia/material farmacéutico.
- Material técnico deportivo (excluído material inventariable).
  - Autobuses e aluguer de furgonetas.
  - Gasolina e peaxes (sempre vinculados a unha competición).
- Gastos derivados da participación do club deportivo ou asociación en competicións deportivas oficiais durante o período 01 de xaneiro de 2016 ao 30 de novembro de 2016, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 LXS.
  - Canon de federacións deportivas de Galicia ou española.
  - Seguros de responsabilidade civil do club e adestradores.
- Aloxamentos (podendo incluír co aloxamento almorzos, medias pensións e pensións completas), que o club realice con motivo da súa participación en competicións, torneos e ligas federadas.

Gastos non subvencionables:

- Os gastos de invstimento, entendéndose por tales:
- As adquisicións de bens cun importe unitario superior a 300,51 €.
- As adquisicións de bens ou a contratación de servizos de empresas ou outros terceiros destinados á realización de obras ou instalacións.
- Gastos ordinarios ou de mantemento do club/asociación deportiva (tales como luz, teléfono, limpeza, material de oficina ...)

Oitava: criterios de valoración e concesión da subvención Seguirase o seguinte procedemento de valoración e puntuación:

A todas as solicitudes recibidas para este programa, se lles aplicará o seguinte baremo establecido e público de puntuación:

Baremo de puntuación:

- 1. Por fichas ou licenzas deportivas:
- 0.05 puntos por cada licenza gratuíta
- 0.10 puntos por cada licenza que teña un custo entre  $1 \le e 10 \le$  incluídos
- 0.20 puntos por cada licenza que teña un custo entre 11€ e 20€ incluídos
- 0.40 puntos por cada licenza que teña un custo entre 21€ e 30€ incluídos
- 0.50 puntos por cada licenza que teña un custo entre 31€ e 40€ incluídos
- 0.60 puntos por cada licenza que teña un custo de 41€ e superior
- 2. Por competicións: nivel máis alto das probas nas que participara o club (computarase a proba de superior nivel na que participase):
- a) Internacional: 15 puntos

b) Máxima Nacional: 12 puntosc) Segunda Nacional: 10 puntos

d) Terceira Nacional: 8 puntos

e) Máxima Autonómica: 6 puntos

f) Provincial: 4 puntos

3. Por deportistas seleccionados/as:

A) Para participar en probas coa selección autonómica (Selección Galega do dito deporte): 3 puntos por deportista

B) Para participar en probas coa selección nacional (Selección Española do dito deporte): 5 puntos por deportista

Nota: o máximo de puntos neste apartado 3 será de 15.

4. Por calendario oficial:

A) Polo número de xornadas disputadas

De 2 a 8 xornadas: 2 puntos
De 9 a 16 xornadas: 4 puntos
De 17 a 24 xornadas: 10 puntos
Más de 24 xornadas: 14 puntos

B) Pola distancia do maior desprazamento realizado

De 0 a 100 km: 1 punto
De 100 a 200 km: 2 puntos
De 200 a 400 km: 6 puntos
Máis de 400 km: 10 puntos

Nota: Computarase solo unha das dúas opcións (na que maior puntuación se consiga).

5. Por fomentar e manter a competición:

A) No Deporte de Base:

Categoría Prebenxamín: 2 puntos Categoría Benxamín: 2 puntos Categoría Alevín: 2 puntos Categoría Infantil: 2 puntos Categoría Cadete: 2 puntos

B) Na etapa adolescente a través da categoría xuvenil: 3 puntos

C) Na Categoría Veterana: 3 puntos

6. Pola organización de probas:

- A) De carácter internacional: 6 puntos por proba (ata un máximo de 18 puntos).
- B) De carácter nacional: 5 puntos por proba (ata un máximo de 15 puntos).
- C) De carácter autonómico: 4 puntos por proba (ata un máximo de 8 puntos).
- D) De carácter provincial: 3 puntos por proba (ata un máximo de 6 puntos).
- E) De carácter local: 3 puntos por proba (hasta un máximo de 9 puntos).
- 7. Por contar con deportistas concentrados/as en centros de alto rendemento durante todo o curso:
- A) A nivel autonómico (Selección Galega): 3 puntos por cada deportista.
- B) A nivel nacional (Selección Española): 5 puntos por cada deportista.

Nota: Ata un máximo de 15 puntos entre os dous apartados.

8. Resultados: polos resultados obtidos nas competicións oficiais sendo válido que sexa un resultado tanto individual como por equipos/s:

POSICIÓN 1º 2º 3º

- Medalla en Olimpíada 18 puntos 17 puntos 16 puntos
- Campionato do Mundo 15 puntos 14 puntos 13 puntos
- Campionato de Europa 13 puntos 11 puntos 10 puntos
- Campionato de España 9 puntos 8 puntos 7 puntos
- Campionato Autonómico 6 puntos 5 puntos 4 puntos
- Campionato Provincial 3 puntos 2 puntos 1 punto



Nota: Computará un único resultado (sexa individual ou por equipo), aquel que sexa de maior nivel.

Novena: determinación do importe da subvención:

Seguirase o seguinte procedemento para a determinación do importe da subvención correspondente a cada club/entidade:

Unha vez valoradas as solicitudes que cumpran os requisitos, serán puntuadas segundo o baremo de puntuación establecido obténdose unha puntuación para cada club/asociación deportiva. A continuación sumarase o total dos puntos obtidos por todos os clubs e asociacións que obteñan a axuda neste programa, determinándose a cantidade exacta que lle corresponde a cada club ou asociación deportiva como axuda do seguinte modo:

"O total da cantidade asignada como "subvención" a clubs e asociacións deportivas, dividirase pola suma do número total de puntos obtidos segundo o proceso exposto no parágrafo anterior. Unha vez obtido o valor do punto, multiplicaranse os puntos obtidos por cada club/asociación, polo mencionado importe do valor do punto. Con este procedemento determinarase a cantidade exacta que lle corresponde a cada asociación como subvención, e que é directamente proporcional á súa avaliación."

Paso 1. Cálculo da puntuación correspondente a cada club/asociación deportiva} Suma do número total de puntuacións Paso 2.

Importe total da subvención destinado a este programa

= Valor do punto

Número obtido da suma total de puntuacións

Paso 3. Valor do punto x Puntuación obtida por cada club/asociación deportiva= Importe de axuda para cada club

Décima: comisión informativa de deportes

Vistos os resultados de valoración segundo a base 9, e emitido o informe proposta por parte do concelleiro de Deportes, presentarase proposta para o ditame por parte da Comisión Informativa de Deportes, e o posterior acordo de aprobación polo órgano competente.

Décimo primeira: resolución e notificación:

A Xunta de Goberno Local (ou a Alcaldía por advocación), á proposta motivada do señor Concelleiro de Deportes, previo ditame da Comisión Informativa de Deportes, e previo informe de fiscalización de Intervención Municipal, aprobará as propostas de subvencións, ben sexa polo importe total previsto na partida orzamentaria, ou ben por unha cantidade parcial; tamén pode acordar non outorgar ningunha subvención.

O prazo máximo para a resolución do procedemento (entendendo por tal o acordo de asignación de axudas aos clubs e asociacións por parte da Xunta de Goberno Local), que esgota a vía administrativa, será de dous meses a contar desde a data seguinte á terminación do prazo de presentación das solicitudes. O devandito prazo poderá prorrogarse por un mes máis, previa proposta do concelleiro responsable. No caso de que transcorrido devandito tempo non se outorgaron todas ou algunha das subvencións solicitadas, os beneficiarios considerarán as mesmas denegadas por silencio negativo.

A notificación da concesión das subvencións farase mediante edicto no taboleiro de anuncios do Concello e/ou mediante anuncio nas páxinas locais dun diario con difusión na Vila do Barco e a través da web municipal segundo o indicado na cláusula sexta destas bases.

Décimo segunda: xustificación e pago:

- a) Condicións xerais da xustificación:
- As entidades subvencionadas recibirán o importe da mesma unha vez xustificada ou a parte proporcional desta.
- A xustificación terá que facerse antes do 15 de decembro de 2016 e sen previo requirimento por parte deste Concello (sen

prexuízo de que se tivese dado un prazo para a xustificación por parte do Concello previamente). De non presentala antes de devandito prazo, perderase o dereito á subvención que puidese corresponderlle.

- A concesión efectiva destas subvencións supón a xustificación do importe concedido sinalado para cada programa, non podendo obterse máis axudas e ingresos do 100% da actividade.
- A omisión de xustificación ou a incorrecta xustificación da subvención nas condicións e prazos establecidos nestas bases, suporá que só se subvencione a parte correctamente xustificada da actividade ou proxecto.
- A documentación xustificativa presentarase mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde e será presentada no Rexistro Xeral do Concello, situado na Casa do Concello (Edificio Multiusos, Praza do Concello, n.º 2, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres).
  - · Concello poderá:

-Solicitar en calquera momento cuantos informes considere oportunos sobre o estado de realización do proxecto subvencionado, así como a aplicación da axuda concedida.

-Comprobar, polos medios que considere oportunos, se o destino das contías outorgadas en concepto de axuda, é o establecido na base primeira da presente convocatoria, e anular total ou parcialmente a subvención concedida cando na comprobación realizada se observe, que o fin da mesma non se corresponde co proxecto que foi obxecto de subvención.

b) Condicións xerais sobre o pago:

O Concello procederá ao reintegro das cantidades entregadas en concepto de subvención e a esixencia de xuro de demora desde o momento do pago da subvención, nos seguintes casos (procederá ao reintegro do importe total da subvención, ou reintegro parcial do exceso de subvención obtido respecto do gasto correctamente xustificado)

- Incumprimento da obriga de xustificación.
- Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- -I ncumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.
- Incumprimento das condicións impostas nas bases.

Así mesmo, o importe da subvención, xa sexa illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non pode exceder do 100% dos gastos totais correctamente xustificados, polo que se se dese este suposto, procederíase ao reintegro do exceso de subvención correspondente.

- c) Documentación xeral a presentar para a xustificación:
- 1. Instancia dirixida ao señor alcalde.
- 2. Declaración asinada polo/a responsable da entidade beneficiaria, que conteña os seguintes aspectos: (anexo 3: Declaración Responsable para xustificación da subvención)
- a) Baseada nos libros de contabilidade, conforme e o criterio de contabilización seguido que é o "criterio de caixa".
- b) Conforme á subvención concedida é inferior ao custo total do obxecto subvencionado, así como das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso á data de xustificación.
- 3. Certificacións orixinais dos seguintes aspectos:
- Atoparse ao corrente coa Facenda estatal e Autonómica.
- Atoparse ao corrente do pago da Seguridade Social.
- Non ter débedas coa Facenda Municipal (certificación que será realizada de oficio polo propio concello)
- c) Documentación técnica xustificativa:

Seguirase o seguinte sistema para concretar que documentación entregar e o modo de presentala:



Aspecto subvencionable	Modo de justificarlo
<ul> <li>Tasas/altas/cuotas de tramitación de licencias deportivas del club y de los deportistas.</li> <li>Cuotas de mutualidades deportivas.</li> </ul>	Factura de la federación o federaciones de dicho deporte con sus justificantes de pago.
Derechos de participación en competiciones e inscripciones.	Factura de la federación o federaciones de dicho deporte o de la entidad organizadora con sus justificantes de pago.
<ul> <li>Arbitrajes, jueces, cronometradores y secretarías técnicas.</li> <li>Derechos de organización de campeonatos/competiciones.</li> <li>Canon de Federaciones Deportivas de Galicia o Española.</li> </ul>	Factura de la federación o federaciones de dicho deporte con sus justificantes de pago.
Personal técnico deportivo (entrenadores, delegados, fisioterapeutas, médicos).	Mediante nóminas, Seguridad Social y TC2 junto con justificante de pago de ambas.
<ul> <li>Cuotas de afiliación a seguros deportivos.</li> <li>Seguros de Responsabilidad Civil del club y entrenadores.</li> </ul>	Factura de la aseguradora y póliza del seguro con sus justificantes de pago.
<ul> <li>Desplazamientos.</li> <li>Autobuses y alquiler de furgonetas.</li> <li>Gasolina y peajes (siempre vinculados a una competición).</li> <li>Gastos derivados de la participación del club deportivo o asociación en competiciones deportivas oficiales durante el período 01 de enero de 2016 al 30 de noviembre de 2016, siempre que se encuentren incluidos en los supuestos definidos por el artículo 31 LGS.</li> <li>Alojamientos (pudiendo incluir con el alojamiento desayunos, medias pensiones y pensiones completas), que el club realice con motivo de su participación en competiciones, torneos y ligas federadas.</li> <li>Alquiler de instalaciones deportivas.</li> <li>Gastos médicos/botiquines/material farmacéutico.</li> <li>Material técnico deportivo (excluido material inventariable).</li> </ul>	Facturas con sus justificantes de pago.



Condicións xerais sobre as facturas serán orixinais (entregaranse no concello para ser seladas) e correspondentes á actividade ou proxecto subvencionado nesta convocatoria. Estarán expedidas a nome da entidade preceptora da subvención, nas que se deberá facer constar:

- Nome ou razón social do provedor
- NIF ou CIF do provedor e sinatura ou recibo de percibir o pagamento.
  - Importe da factura e IVE, o IVE debe ir desagregado.
  - Identificación completa da entidade que abone o importe.
- Descrición suficiente do subministro ou servizo.
- Número e data da factura. Todas aquelas facturas que non conteñan os apartados anteriormente expostos, en xeral, que non cumpran co establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, que aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

Décimo terceira: obrigacións dos/as beneficiarios/as Os/as perceptores/as desta subvención estarán obrigados/as a:

- 1. Medidas de difusión:
- Facer constar na difusión que se faga do proxecto subvencionado, a colaboración da Concellaría de Deportes do Concello do Barco de Valdeorras.
- Establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo das actividades organizadas ou das súas propias competicións e vida do club/entidade deportiva (incluídas os equipamentos dos/as deportistas), mención expresa da colaboración económica do organismos autónomo do Concello do Barco de Valdeorras a través da incorporación do logotipo corporativo e oficial de deportes. (Deberán acreditalo na xustificación).
  - 2. Obrigas xerais:
- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos e do desenvolvemento do proxecto subvencionado.
- Comunicar calquera eventualidade que se produza no proxecto subvencionado.
- Xustificar a concesión da subvención nos prazos establecidos nas cláusulas correspondentes.

- Devolver o importe da subvención ou a parte proporcional da mesma, cando non se realice a actividade para a que foi outorgada ou non se xustifique no prazo e forma.
- Xustificar ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento e inspección a efectuar polo órgano concedente e, pola súa orde, polos responsables dos servizos promotores da subvención, e ás de control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta documentación lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano concedente, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas para a mesma finalidade, así como as alteracións que se produzan. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
  - 3. Colaboración co concello:

Prestar a súa colaboración na medida do posible, cando sexa requirida polo Concello do Barco de Valdeorras, naquelas actividades inherentes á súa especialidade deportiva, con obxecto de contribuír ao bo funcionamento e desenvolvemento das actividades deportivas planificadas polo concello.

Décimo cuarta: aceptación das bases

A participación na presente convocatoria mediante a presentación da correspondente solicitude, implica o coñecemento e a aceptación incondicional das presentes bases.

O Barco de Valdeorras, 25 de novembro de 2016.



# ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS A CLUBS/ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS 2016 POLO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

NOME DO CLUB:	CIF:							
ENDEREZO:	LOCALIDADE:							
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:							
E-MAIL:	TELÉFONO:							
INSCRITO NO REXISTRO DE CLUBS E ASOCIACIÓ!	NS DEPORTIVAS CO NÚMERO:							
DATOS DO/A REPRESENTANTE:								
NOME E APELIDOS:  DNI/NIE:								
ENDEREZO: LOCALIDADE:								
CÓDIGO POSTAL: PROVINCIA:								
TELÉF. FIXO: TELÉF. MÓBIL:								
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	*Marcar con (x)							
☐ Enderezo da entidade								
☐ Enderezo da/o representante da entidade								
EXPÓN								
Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de concurso público								
para a concesión de subvencións a clubs/asociacións deportivas para o ano 2016.								
Que asumo todos os compromisos reflectidos na presente convocatoria á que acompaña a								
documentación esixida nesta.								
En relación coa documentación administrativa da solicitude de subvencións a clubs/asociacións								
deportivas ano 2016, fago constar:								
1) Que os seguintes documentos xa obran en poder o	deste concello, ao ter sido presentados en							
procedementos anteriores: (sinale cun x os docun	nentos de que se trate, dos que figuran a							
continuación)								
Copia compulsada do CIF do club deportivo ou aso	ciación.							
☐ Copia compulsada do DNI da/o representante do cl	ub deportivo ou asociación.							
Certificado da entidade bancaria na que se faga o	constar o número de conta e o titular da							
mesma.								
Copia compulsada dos estatutos do nomeado club/	asociación deportiva onde se reflicte que							
se trata dunha entidade sen ánimo de lucro, e se manifo	este o seu obxecto e finalidade.							



Certificado de inscrición no correspondente Rexistro Oficial de Clubs Deportivos da Xunta
de Galicia, no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo
expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, no que se demostre unha
antigüidade de polo menos un ano anterior á data da solicitude da presente convocatoria de
subvencións.

- 2) Que o contido dos nomeados documentos conserva a súa plena validez, ao non ser modificados con posterioridade á data da súa emisión nin se modificaron as circunstancias de feito ou de dereito que neles se reflicten.
- 3) Que, polo exposto, aconsellase ao dereito recoñecido nos artigos 53 d) da Lei 39/2015.

#### SOLICITA

A inclusión da entidade que representa, dentro do programa de subvencións que o Concello do Barco de Valdeorras concede aos clubs e asociacións deportivas que desenrolan actividades na tempada 2016.

O Barco de Valdeorras,	de	de 2016
Asdo.:		
(A/o representante da entidade)		

Señor alcalde do Concello do Barco de Valdeorras



# ANEXO II

# DECLARACIÓNS RESPONSABLES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITA	ANTE:								
NOME DO CLUB/ASOCIACIÓN:		CIF:							
DATOS DA/O REPRESENTANTE	DA ENTIDADE:								
BITTOS BITO REFRESEIVITATO	BILLITIBINDE.								
NOME E A DEL IDOS.		DNI/NIE:							
NOME E APELIDOS:		DNI/NIE:							
DECLARO: *Marcar cun (x)									
Apartado 1:									
☐ Non atoparme incurso o solici	tante nas prohibicións r	ecollidas no artigo	13 da LXS que						
supoñan incapacidade ou incompatib	ilidade para percepción d	le subvencións e axu	ıdas públicas.						
☐ Acepto o compromiso de compe	nsar coa subvención outo	orgada, as débedas d	e prezos públicos						
contraídos con este Concello.									
Apartado 2:									
Non solicitou, nin obtivo ningu	nha outra subvención ni	n da Administració	n local, nin doutras						
Administracións ou entidades para a actividade ou proxecto presentado para esta convocatoria de									
subvención.	r	r r							
Sub veneron.									
☐ Non ter solicitada nin, en consec	cuancia tar concadida n	ingunha ayuda nara	o masmo fin sava						
<del></del>	cuencia, ter concedida, n	iliguilla axuda para	i o mesmo im, sexa						
pública ou privada.									
Que presentou a/as solicitudes e	que lle foi/foron concedi	da/s, se é o caso, a/	s seguinte/s axuda/s						
para o mesmo fin:									
Organismo ou entidade ao que se	Data da solicitude	Concesión*	Contía						
solicitou									



*En caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicar "pendente" na columna.
No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".
E para que conste a todos os efectos oportunos, asino esta declaración
O Barco de Valdeorras, de de 2016
´ <del></del>
Asdo.:
(A/o representante da entidade)



# ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:										
NOME DO CLUB/ASOCIACIÓN:	CIF:									
DATOS DA/O REPRESENTANTE DA ENTIDADE:	<u>'</u>									
NOME E APELIDOS:	DNI/NIE:									
	·									
DECLARO que o club/asociación deportiva que repres	ento (*marca cun x os aspectos que									
procedan):										
☐ A contabilidade desta entidade está baseada nos libros o	de contabilidade, conforme o criterio de									
contabilización seguido que é o "criterio de caixa".										
A subvención concedida é inferior ao custo total do obxecto subvencionado, así como das										
subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade,										
referida neste caso á data de xustificación.										
O Barco de Valdeorras, de	de 2016									
Asdo.:										
(A/o representante da entidade)										



#### ANEXO IV

MEMORIA DE ACTIVIDADE PARA AXUDAS AOS CLUBS E ASOCIACIÓNS

PORTADA:

NOME DO CLUB:

DEPORTIVAS:									
"COMPETICIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA".									
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS									
Apartado 1: Funcionamento ordinario do club/asociac	ión deportiva:								
A) Cotas e licenzas									
N.º de asociados/deportistas:									
Taxa ou cota anual abonada/aportada por cada socio									
ou deportista para pertencer ao club:									
(Si existe diferenza de importe segundo a idade,									
especificar con claridade prezo/idade e número de									
asociados/deportistas de cada grupo/franxa)									
N.º de licenzas tramitadas polo club:									
Prezo das licencias (Se existe diferenza de importe									
segundo a idade, especificar con claridade									
prezo/idade e número de licenzas de cada									
grupo/franxa)									
* Para xustificar estes apartados anteriores deberas	e grampar a continuación o certific	ado oficial da							
Federación/é que xustifique: -Número de licenzas dep	ortivas ou fichas emitidas ao devandi	to club							
-Prezo da licenza (se houbese variacións de prezos por categorías, especificar prezo/categoría)									
B) Outras axudas recibidas para o mesmo progra	ima ou conceptos para os que se emp	prega por parte							
do club/asociación deportiva esta subvención:									
Descrición da axuda		Importe							



Algún outro tipo de axuda		Importe
C) Orzamento e actividades progran	nadas en 2016 por parte da entidade:	
Actividades		Orzamento
		estimado
	ase grampar a continuación a fotocopia	
	extraordinaria, reflectida no correspondente	libro de actas, na que
conste a aprobación do orzamento e activ	vidades.	
Apartado 2: Competición:		
A) Deportistas seleccionados/as:		
	n galega do devandito deporte) para partici	par nalgunha proba a
nivel autonómico		
Deportista	Proba	
Departiates seleccione des (con selección	a constate demants) none nonti	في معامد معامد معامد م
nivel nacional	n española do devandito deporte) para partic	ipar naigunna proba a
Deportista Deportista	Proba	
Deportista	F100a	



Deportistas concentrados en centro de alto rende	mento durante todo o curso a nivel autonómico
(selección galega)	
Deportista	Centro no que está concentrado
Deportistas concentrados en centro de alto rendemen	nto durante todo o curso a nivel nacional (selección
española)	
Deportista	Centro no que está concentrado
* Para xustificar estes apartados anteriores deberas	se grampar a continuación o certificado oficial da
Federación/é que xustifique estes datos.	

ij.
27
пп

	ı				I	l	l	l						
	Detalle de gastos que supuxo	pto Importe												
	Detall	Concepto												
	Lugar													
oortiva:	Data													
club/asociación dej	internacional,	autonómica,	, local											
articipou c	Rango:	nacional,	provincial, local											
B) Competicións nas que participou o club/asociación deportiva:	Proba	1	11											

C) Resultados máis destacados por parte do club/asociación deportiva no ano 2016 (resultado individual ou por equipos que máis destacou):

Equipo ou deportista

Proba

Resultado

_	
æ	m
***	50
B	-3
п	п

				tos due subnxo	Importe												
estes datos.				Detalle de gast	Concepto												
que xustifique (				Máis axudas	recibidas												
ederación/é				N.° de	inscritos												
oficial da F				Prezo	inscrición												
n o certificado				Lugar													
a continuació				Data													
erase grampar		ados:	7a no ano 2016		autonómica,												
s anteriores deb		eventos organiza	ntidade deportiv		nacional,	provincial, loca											
estes apartado		vetividades e	as polo club/e														
* Para xustificar		Apartado 3: ∤	Probas organizad	Proba													
	* Para xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique estes datos.	* Para xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique estes datos.	* Para xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique estes datos.  Apartado 3: Actividades e eventos organizados:	* Para xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique estes datos.  Apartado 3: Actividades e eventos organizados:  Probas organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:	* Para xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique estes datos.  Apartado 3: Actividades e eventos organizados:  Probas organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:  Probas organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:  Probas organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:  Probas organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:  artado 3: Actividades e eventos organizados:  organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:  Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas inscrición inscritos recibidas	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:    Organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:   Rango: internacional, autonómica, autonómica, provincial, local   Data   Lugar   Prezo   N.º de   Máis axudas   Inscritos   I	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:  Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas provincial, local  provincial, local	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:  artado 3: Actividades e eventos organizados:  Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas nacional, autonómica, autonómica, inscrición inscritos recibidas provincial, local	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:    Organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:    Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas inacional, autonómica, provincial, local   Inscritos   Inscritos	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:    Organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:   Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas inscrional, autonómica, autonómica, local   Inscrición inscritos   Inscritos	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:    Organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:   Rango: internacional, autonómica, nacional, autonómica, provincial, local   Data   Lugar   Prezo   N.º de   Máis axudas   Mais axudas   Provincial, local   Data   Lugar   Prezo   N.º de   Máis axudas   Data   Data	xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e artado 3: Actividades e eventos organizados:    Outanizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:   Rango: internacional,   Data   Lugar   Prezo   N.º de   Máis axudas   nacional, autonómica,   provincial, local	artado 3: Actividades e eventos organizados:    Continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique e actado 3: Actividades e eventos organizados:   Continuación   Data   Lugar   Prezo   N.º de   Máis axudas   nacional, autonómica, autonómica,   provincial, local	artado 3: Actividades e eventos organizados:  organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:  Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas Inacional, local  provincial, local	arrado 3: Actividades e eventos organizados:  organizadas polo club/entidade deportiva no ano 2016:  Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas provincial, local  provincial, local	arrado 3: Actividades e eventos organizados:  organizadas polo club entidade deportiva no ano 2016:  Rango: internacional, Data Lugar Prezo N.º de Máis axudas provincial, local  provincial, local

<u>a</u>	Ţ)
×	4
m	'n

1					
				*Para xustificar estes apartados anteriores deberase grampar a continuación o certificado oficial da Federación/é que xustifique "Probas federadas organizadas	
				e "Probas federa	s probas.
				/é que xustifiqu	polo club e rango das mesmas (internacional, nacional, autonómico, provincial ou local) e o cartel anunciador de cada unha destas probas.
				Federación	ınciador de
				o oficial da	o cartel anu
				ón o certificad	ıcial ou local) e
				a continuaci	ómico, provin
				erase grampar	acional, autono
				anteriores deb	nternacional, n
				es apartados	as mesmas (i
				xustificar est	ub e rango da
				*Para	polo cl



# ANEXO V

PC	)RT	'AΓ	A
----	-----	-----	---

NOME DO CLUB:

MEMORIA XUSTIFICA	IIVA DE A	ACTIVIDADE PARA AXUDAS AOS CI	TOBS E		
ASOCIACIÓNS DEPORTI	VAS:				
"COMPETICIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA".					
CONCELLO DO BARCO I	DE VALDEOI	RRAS			
Detalle de ingresos e gastos	:				
INGRESOS DO CLUB:					
Descrición do ingreso: eng	adir nas segu	intes celas todos os ingresos que existisen a	Importe		
maiores das matrículas/cotas	s ou licenzas a	chegadas polos/as socios/as ou deportistas.			
Licencias/cotas/matrículas o	ou achegas cob	radas aos deportistas/socios:			
Prezo unidadeNúmero	o de achegas:	(se existise diferenza de prezos por			
idades/categorías, especific	ar prezos dife	erenciados e número de deportistas de cada			
idade/categoría).					
Outras axudas recibidas par	a o mesmo pr	ograma ou conceptos para os que se emprega	Importe		
por parte do club/asociación deportiva esta subvención:					
GASTOS DO CLUB:					
Apartado 1: Funcionamento	ordinario do c	elub/asociación deportiva:			
Materiais: *As facturas gra	amparanse det	rás desta páxina ordenadas, e grampadas cad	a unha co seu		
xustificante de pago.					
N.º factura	Provedor	Descrición do material	Importe		



Persoal técnico: * Xustificarase mediante nóminas, Seguridade Social e TC2 xunto con xustificante de								
pago de ambas que se gramparán detrás desta páxina.								
Nº factura		Provedor		Descrición/ ou indicar nón	escrición/ ou indicar nóminas			
Responsables	s a cargo dos/a	s meno	ores de i	dade: indicar nome, apelido	os e DNI de cada re	esponsable para		
comprobar os	s certificados d	e delite	os sexua	is achegados xunto coa doci	umentación adminis	trativa.		
Nome			Apelid	os	DNI			
Seguros/mutu	ualidades/licenz	zas pai	a asegui	rar aos/as deportistas, direct	ivos, adestradores:			
*As facturas	emitidas pola	a/s fed	eración/	s ou aseguradoras grampa	ranse detrás desta			
páxina ordena	adas, e grampa	das ca	da unha	co seu xustificante de pago.				
N.º factura		Prove	edor	Descrición do material		Importe		
Apartado 2: 0	Competicións:					l		
Gastos que s	upuxo a partic	cipació	n en co	mpeticións: *Para xustifica	r este apartado pre	esentarase unha		
certificación	de cada compe	tición	ou proba	a da/s federación/s, na que se	e faga constar a par	ticipación deste		
club na com	petición. Esta	s cert	ificación	ns gramparanse detrás des	ta páxina ordenada	as, xunto coas		
facturas de ca	nda unha delas	e os se	us xusti	ficantes de pago.				
Competició	N.º factura	Prove	edor	Descrición do concept	to (aloxamentos,	Importe		
n				manutención, alugueiro	furgonetas ou			
				buses)				

Gastos da organización:



Apartado 3: A	 Actividades e e	ventos organiz	 ados:	L
1		- 6		



Gastos que supuxo a organización destas actividades: \*Para xustificar este apartado presentarase copia

do cartel anun	ciador, xunto	coas facturas o	de cada actividade grampadas xunto cos seus	custificantes de
pago, todo iso	ordenado por	actividade.		
Actividade	N.º factura	Provedor	Descrición do concepto (material, taxas a	Importe
			federacións, arbitraxes)	
Ingresos da org				
Ingresos que s	upuxo a orga	nización destas	s actividades: matrículas ou inscricións de cad	a actividade se
as houbese.				
Actividade			Descrición do ingreso (matrículas ou	Importe
			inscricións- prezo e cantidade de	
			matriculados ou participantes, outros	
			ingresos)	



tación

Bases por las que se regula el régimen de concesión de ayudas a los clubs y asociaciones deportivas del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras 2016.

Con el objetivo de colaborar en la importante labor de fomento del deporte realizada por los clubs y asociaciones deportivas radicadas en el municipio, y para potenciar su papel en este ámbito, el Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras procede a la convocatoria para la concesión de las ayudas reguladas por las presentes bases:

Primera: objeto de la subvención

